

# Doazón da biblioteca e o arquivo de José Ogea (1841 – 1909)



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

**Real Academia Galega**  
Marzo de 2014

**DOAZÓN DA  
BIBLIOTECA E O ARQUIVO DE  
JOSÉ OGEA  
(1841 – 1909)**



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**

## ÍNDICE

**Unha doazón valiosísima á RAG: a biblioteca e o arquivo do intelectual José Ogea.**

**José Ogea Otero (San Benito, Cortegada, Ourense, 1841 - Cortegada, 1909)**

**Un achado rosaliano**

## UNHA DOAZÓN VALIOSÍSIMA Á REAL ACADEMIA GALEGA: A BIBLIOTECA E O ARQUIVO DO INTELLECTUAL JOSÉ OGEA

José Ogea Otero, farmacéutico de Cortegada, foi, ó longo da súa vida, escritor, parlamentario na I República (1873), amigo das personalidades relevantes do seu tempo (Murguía, Eduardo Chao...) e autor do prólogo á primeira edición de *Aires da miña terra* (1880), de Curros Enríquez. A súa biblioteca e hemeroteca proban a súa amplísima curiosidade de lector e a súa modernidade intelectual: literatura grecolatina, abundante literatura francesa contemporánea, un número elevado de escritores portugueses e italianos contemporáneos, valiosas coleccións completas (a Biblioteca Gallega, por exemplo), os principais autores españois do seu tempo, coleccións case completas das primeiras revistas españolas do século XIX, bibliografía médico-farmacéutica, as máis importantes coroas literarias de fins do XIX... Alén disto, un fondo importante de proclamas políticas (algunha en galego), de xornais... e miles de páxinas manuscritas de obras súas, algunhas inéditas, e un rico epistolario.

Especial relevancia ten o arquivo fotográfico. Abundan primeiras edicións de libros de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Alfredo Brañas, Murguía, Eduardo Pondal, Emilia Pardo Bazán..., non poucas dedicadas polos autores a José Ogea. Figura o exemplar número 1 de *A mi madre*, de Rosalía, nunha edición de 50.

No capítulo “Varia” interesan os moitos documentos familiares, non poucos recortes de prensa, receitas (a do licor café), etc. Todo este legado está na Academia, procedente de Vigo, en sesenta caixas, que, cantos antes, será catalogado.

## **Da doazón e dos doantes:**

Feita por D. Enrique Rey Lorenzo (Ourense, 1936), invidente desde os 24 anos. Persoa de gran cultura musical, cantor e director de orfeóns durante décadas, fundou, entre outras, a Coral Polifónica da ONCE (Vigo), que dirixiu.

Casado con Sara Ruiz Rivera (1934-2002), que foi moi amiga (ademais de portérense) de Sara Ogea (+ 1917), a biblioteca pasou legalmente á familia de don Enrique Rey. Nos últimos anos foi coidada, con fervor, pola súa filla Annunziata Rey Ruiz (Vigo, 1957) e polo seu neto Fabio Alonso Rey (Vigo, 1986).



## JOSÉ OGEA OTERO

(SAN BENITO DE RABIÑO, CORTEGADA, OURENSE, 1841 - CORTEGADA, 1909)

### Xesús Alonso Montero

Real Academia Galega

De profesión farmacéutico (na vila ourensá de Cortegada), foi unha figura moi importante do progresismo galego nas décadas finais do XIX, e mesmo chegou a ser deputado nas Cortes da I República (1873) polo distrito de Bande (Ourense). Amigo das personalidades da época (Murguía, Eduardo Chao...), foi íntimo de Curros Enríquez, a quen lle prologou a primeira edición de *Aires da miña terra* (1880).

De Xosé Ramón Barreiro son estas palabras: “O seu exaltado republicanismo concitou contra el o odio dos conservadores da súa comarca. Ó cae-lo réxime republicano no ano 1874 foi perseguido e tivo que exiliarse a Portugal, onde permaneceu durante algún tempo. No ano 1876 casou con Sofía Domínguez” (*Parlamentarios de Galicia*, 2003, I, 475).

Hai que supoñer que a presenza de moitos e moi significativos libros portugueses contemporáneos, hoxe na Real Academia Galega, como todo o seu valiosísimo legado, proceden da súa estadía no país portugués. Cómpre aclarar que na súa riquísima biblioteca obran libros doutros países e idiomas nunca visitados por el. Tiña razón Jesús Muruais cando, nunhas coplas xa de 1876, afirmaba: “Ogea tiene en su aldea libros buenos infinitos”.

Non foi José Ogea escritor en lingua galega, aínda que tivo unha entusiasta relación cos protagonistas do Rexurdimento e do Posrexurdimento. Conmóve aínda hoxe, a non poucos eruditos, a fotografía na que acompañan a Curros Enríquez (*A Coruña*, 1904) José Ogea, Murguía, Andrés Martínez Salazar, Eugenio Carré Aldao, Florencio Vaamonde Lores, Francisco Tettamancy e Eladio Rodríguez González.



Non se teñen reeditado modernamente libros interesantes como *Céltigos. Cuentos y leyendas de Galicia* (1883) e *El mundo rural. Cuadros de costumbres* (1820).

O conxunto da súa obra literaria non ten suscitado nas últimas décadas traballos de entidade, agás algunhas incursións de José Antonio Durán.

Mesmo Ogea foi obxecto de infortunios bibliográficos (por exemplo, ser omitido, por “lapsus”, na *Gran Enciclopedia Gallega*, “lapsus” reparado por Amancio Liñares na *Gran Enciclopedia Galega*). O fondo bibliográfico, hemerográfico e documental hoxe obrante na Real Academia Galega (que contén, tamén, abundantes páxinas inéditas) deberá animar os investigadores a trazaren o perfil intelectual e literario que a súa vida e obra merecen.

Don Manuel Murguía, que prologou *Céltigos* en 1883, nunha conmovida nota necrolóxica, estampou estas palabras: “... de tu pérdida no podremos consolarnos, ni los que hemos sido tus amigos, ni esta Galicia que tanto amaste, y, si es agradecida, no sabrá olvidarte jamás”.



# A MI MADRE.

---

VERSOS

DE

ROSALIA C. DE MURGUIA.

---

VIGO.—1863.

IMP. DE D. JUAN COMPAÑEL.

## UN ACHADO ROSALIANO

No legado de D. José Ogea, tan valioso en primeiras edicións dos nosos clásicos, existe un exemplar (dunha edición de só cincuenta) de *A mi madre*, de Rosalía de Castro (Vigo, Impr. de D. Juan Compañel, 1863).

Trátase dunha elexía suscitada pola morte da nai da poeta, dona María Teresa de la Cruz de Castro y Abadía, acontecida meses antes (26 de xuño de 1962).

Os exemplares desta edición non venal consignan, en letra impresa, o nome e apelidos do destinatario: o número 1 para a autora (“Rosalía de Castro de Murguía”), o número 2 para o seu esposo (“Manuel Murguía”)... Tamén hai exemplares dedicados a institucións: o 22 á “Biblioteca de la Universidad de Santiago”, o 24 á “Biblioteca do Instituto de Pontevedra”, o 46 á “Biblioteca do Instituto de Ourense”.

Os catro últimos exemplares (2, 22, 24 e 46) obran, desde hai tempo, na biblioteca da Real Academia Galega, un deles, o 24, doado por Juan Naya Pérez en 1949.

Así pois, a Academia é propietaria dunha parte significativa dos exemplares dun libro de Rosalía C. de Murguía (así asinaba na portada) do que o colofón aclara:

De este folleto no se tiraron más que cincuenta  
ejemplares, que van numerados y con el  
nombre de la persona a quien se destina cada  
uno.

Aquí as cousas, no valiosísimo legado de José Ogea figura un exemplar máis, moi especial: o número 1 (“Rosalía Castro de Murguía) con esta dedicatoria autógrafa: “a su affmo. amigo D. José de Ogea.- R.” (rubricado).

Que acontecera para que a autora se desprendese do seu exemplar? Quizais se esqueceran de Ogea (tan amigo de Murguía!) e, xa enviados os corenta e nove exemplares, o matrimonio Murguía/Rosalía, non sabendo como reparar a desconsideración, fan a don José Ogea destinatario do máis privilexiado deles.

Agora está na biblioteca da Academia, propietaria, por conseguinte, da décima parte da edición de poemario tan interesante.

Exemplares numerados de *A mi madre*

1. Rosalia Castro de Murguia. *a su affmo.*  
*amigo J.º Jose de Ogea*

2. Manuel Murguia.

22, Biblioteca de la Universidad de Santiago.


24, Biblioteca del Instituto de Pontevedra.



46. Biblioteca del Instituto de Orense.

*Regionalismo y lenguaje*  
Cuberta da obra con dedicatoria do autor a José Ogea no interior do libro



*Estudio sobre las faltas del lenguaje*  
Portada da obra





Pelra ...antre seixos. Cuberta da obra e dedicatoria manuscrita do autor

Picaraño. Periódico republicano radical revolucionario. Entrimo, 1909



# EL CORREO DE GALICIA.

PERIÓDICO DEMOCRÁTICO.

AÑO I. DE PUBLICACION LOS DIAS 1.º, 8.º, 15.º Y 22.º DE CADA MES. OFICINA: Calle de San Mateo, 16, A. Orens. No. 15 de Enero de 1873. PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN. Un mes a media.—Dos 1.80.—Tres 2.40.—Seis 4.80.—Un año 10.00. N.º 1.º NUM. 21.

## EL CORREO DE GALICIA.

ORENSE 15 DE ENERO.

### ELECCION

DE LA CUARTA ASAMBLEA FEDERAL.

La reunion de la última Asamblea dió lugar con motivo al principal mandato que de ella ha resultado, convocando al partido republicano a la eleccion de la que, por acuerdo de aquella, ha de reunirse en Madrid el día 13 de Febrero.

Antes la habia convocada, en el estado de inestabilidad que se presentaba, con el objeto de inestabilidad que se presentaba en estos dias no habian acompañado a esta reunion un representante de Galicia que quisiera haberse publicado con el fin de efectuar oportunamente para votar la fecha de la reunion de la Asamblea. Entendido que sin una consideracion, la reunion comienza a las 10 de la mañana. En consecuencia de lo que se acuerda en esta reunion, se acuerda que se abra a las 11 de la mañana en el punto de reunion que se acuerda en esta reunion.

Para que a ella concurren son necesarias decenas de miles de personas, la reunion se celebra en el punto de reunion que se acuerda en esta reunion. En consecuencia de lo que se acuerda en esta reunion, se acuerda que se abra a las 11 de la mañana en el punto de reunion que se acuerda en esta reunion.

No hay para qué negar que, en Galicia no falta de la última Asamblea, presentarse en el día de la reunion, con el objeto de inestabilidad que se presentaba, con el objeto de inestabilidad que se presentaba en estos dias no habian acompañado a esta reunion un representante de Galicia que quisiera haberse publicado con el fin de efectuar oportunamente para votar la fecha de la reunion de la Asamblea. Entendido que sin una consideracion, la reunion comienza a las 10 de la mañana. En consecuencia de lo que se acuerda en esta reunion, se acuerda que se abra a las 11 de la mañana en el punto de reunion que se acuerda en esta reunion.

los derechos individuales, y proclama el centralismo elector (lo que no es necesario), y rebaja la legalidad electoral en cualquier direccion de sus intereses particulares. Una vez que el derecho al poder, o sea el poder, ambos poderes pueden ya ser juzgados por sus obras y la nueva Asamblea, después de un tiempo de debate y las grandes asambleas, viene un día a poseer sin embargo la cuestion y a fijar definitivamente el movimiento de nuestro partido.

La primera Asamblea habría de tener en cuenta que la anterior se reunió en un punto de reunion que se acuerda en esta reunion, con el objeto de inestabilidad que se presentaba, con el objeto de inestabilidad que se presentaba en estos dias no habian acompañado a esta reunion un representante de Galicia que quisiera haberse publicado con el fin de efectuar oportunamente para votar la fecha de la reunion de la Asamblea. Entendido que sin una consideracion, la reunion comienza a las 10 de la mañana. En consecuencia de lo que se acuerda en esta reunion, se acuerda que se abra a las 11 de la mañana en el punto de reunion que se acuerda en esta reunion.

El programa, el partido republicano, al proceder a la eleccion de la próxima Asamblea, se puede observar con independencia y libertad, que en estos momentos de inestabilidad y perplejidad de la cuestion entera. Como todos los hombres razonables se esfuerzan por encontrar el punto de vista de la justicia para hacer justicia a la última Asamblea y a la reunion, y el espíritu del siglo, deber acordado en el partido republicano en estos momentos a la reunion, se acuerda en esta reunion, con el objeto de inestabilidad que se presentaba, con el objeto de inestabilidad que se presentaba en estos dias no habian acompañado a esta reunion un representante de Galicia que quisiera haberse publicado con el fin de efectuar oportunamente para votar la fecha de la reunion de la Asamblea. Entendido que sin una consideracion, la reunion comienza a las 10 de la mañana. En consecuencia de lo que se acuerda en esta reunion, se acuerda que se abra a las 11 de la mañana en el punto de reunion que se acuerda en esta reunion.

En grave circunstancias y necesidades actuales requieren en los representantes para la próxima Asamblea política tranquila, sereno valor, reconocida libertad y plena independencia. Esa sea, por lo menos, la que en esta reunion se presente reconcomiendo a las reuniones del partido.

Madrid 7 de Enero de 1873.—Eduardo Chao—Agustín Quintana—Ricardo Lopez Vazquez.—Ramon Chao Baggio.—Enrique Nunez Mazon.



SEGUN LAS PARTICULARES DE ESTA REUNION. La eleccion de la Asamblea federal que ha de reunirse en Madrid el día 13 de Febrero se celebrará mediante convocatoria en los puntos habidos en el día 6 de que determinamos dentro del presente mes de Enero; debiendo celebrar



Cuberta da revista Galicia Humorística, 1888

Cabeceira de El Correo de Galicia. Ourense, 1873

El regionalismo. Portada e anteportada da obra de Brañas con dedicatoria do autor a José Ogea






Lámina cos retratos de Ferdinand Flocon e de Pierre Marie de Saint-Georges, membros do goberno provisional que instaurou a II República Francesa trala revolta de 1848, publicación descoñecida

Fotogravado publicado en Arte y Letras; reprodución da pintura “Jaque al Rey” de Eduardo Zamacois y Zabala de 1867





En sesión de esta Junta celebrada en el día de ayer, se acordó por unanimidad dar un voto de gracias á todos los señores católicos y religiosos que han contribuido á la suscripción iniciada para el sostenimiento del periódico "La República" órgano del partido en la provincia; y hallándose en su número con la cuota de 20 pesetas, tengo el gusto de participar

Agradecemento da Xunta Municipal de Ourense de Unión Republicana pola axuda ao sostemento do xornal *La República* órgano do partido. 1906

Ellicumba 11 de 1908

Sr. D. José Ojea

Muy distinguido señor: como en el día primero de este mes de Agosto, el C. del corriente celebró la consabida velada en la que son de mayor ley el establecimiento de la L.; y en acordada que al celebrar ya en el la honra de tal letanía, el cual acordó de nuevo porque me amosé apénas y evidentemente puede leer al día, ocupa copia la revista, cumplíase un agrado de los; es obvio que se quedase la impresión del Libro de la Velada.

Como lo ve no tienen aquellas letras mas minto que el de la buena intención y el de las dedicadas a quien dejó un nombre de ellas.

Los actos sealados resultan con un grandioso y solomun de lo que yo me habia figurado; fülle, empero, un importante y valioso detalle: la presencia de la L.

Celebrase el completo establecimiento de su salud, y tan pronto en el Registro me devolvieron los documentos que ya os tiempo tendrá el gusto de suscribirse en muy apénas. Certeza, que, con un salud a la paz y salud de todos nosotros, L. L. M.

Yolanda Ojea  
Barral

Agradecemento a J. Ojea pola súa contribución á velada en honor a Curros. 1908



Sobre da carta remitida por Miguel García. África portuguesa. 1887



Interior dun dos álbumes fotográficos da familia.

Anverso e reverso de retrato de Curros Enríquez presente nun álbum fotográfico





*Para mi querida y respete  
ble amigo D. Jose Ojea, en*

Retrato dedicado de Adelardo Curros.  
1908



O gaitero Cachopo, 190?

Álbum familiar de fotografías





REAL  
ACADEMIA  
GALEGA